

## TEXTO 1

6.9. *E que é isto?* Pregunteille á terra, e dixo: “Non son eu”; e todo canto hai nela confesoume o mesmo. Pregunteille ao mar e aos abismos e aos *réptiles de vivas almas*, e responderon: “Non somos o teu Deus”; busca por enriba de nós”. Pregunteilles ás brisas do aire, e dixo o ar enteiro cos seus moradores: “Engánase Anaxímenes; non son o teu Deus”. Pregunteille ao ceo, ao sol, á lúa, ás estrelas: “Tampouco somos nós o Deus que buscas”, dixeron. E díxenlle a todo o que rodea as portas da miña carne: “Decídeme algo do meus Deus, xa que vós non o sodes, decídeme algo sobre el”. E exclamaron a berros: *El foi o que nos fixo*. A miña pregunta, a miña vontade; e a súa resposta, as súas imaxes. E dirixinme a min mesmo e dixeron para min: “Ti quen es?”. E respondín: “Un home”. E velaquí que en min hai un corpo e unha alma á miña disposición, un elemento exterior e outro interior. Por cal deles é por onde debín buscar ao meu Deus, que xa buscara a través do meu corpo dende a terra ao ceo, ata onde puideron enviar os mensaxeiros raios dos meus ollos? Mellor é o que está no interior, sen dúbida. O certo é que é a el a quen informan todos os mensaxeiros do corpo, en tanto presidente e xuíz, das respostas do ceo e da terra e de todo canto hai neles, cando din: “Non somos Deus”, e; “El foi o que nos fixo”. O home interior coñece estas cousas por mediación do exterior; eu interior coñezo estas cousas, eu, eu alma a través dos sentidos do meu corpo. Preguntei á mole do mundo polo meu Deus, e respondeume: “Non o son eu, senón que el foi o que me fixo”.

AGOSTIÑO DE HIPONA; *Confesións X*, 6, 9 Tradución ao galego de Álvaro X. Pérez Vilariño; IES García Barros (A Estrada)

## TEXTO 2

**Que dúas cidades hai.**— Dous amores fundaron pois dúas cidades, a saber: a terreal, o amor propio ata o desprezo de Deus, e a celeste, o amor de Deus ata o desprezo de si mesmo. Aquela, nunha palabra, glóriase de si mesma, esta no Señor. Pois aquela busca a gloria dos homes, pero para esta a máxima gloria é Deus, testemuña da súa consciencia. Aquela na súa gloria levanta a cabeza con altiveza; esta dille ao seu Deus: *Gloria miña, que me fas levar a cabeza alta* (Ps. 3, 4). Naquela, a ansia de poder domina aos seus príncipes e ás nacións que someten; nesta serven en mutua caridade, os gobernantes tomando decisións e os súbditos obedecendo. Aquela considera que a súa fortaleza radica nos seus poderosos; esta dille ao seu Deus: *amareite, Señor, fortaleza miña* (Ps 17, 2.). E por iso, naquela, os seus sabios, que viven segundo o home, buscaron os bens do corpo, os da alma ou ambos os dous, ou ben, os que puideron coñecer a Deus, non o honraron como a Deus ou lle deron grazas, senón que se esvaeron nos seus pensamentos e o seu necio corazón escureceuse; dicindo que son sabios, isto é, loándose a si mesmos na súa sabedoría por mor da soberbia que os domina, convertéronse en necios e mudaron a gloria do incorruptible Deus en semellanza da imaxe do home corruptible, das aves, dos cuadrúpedes e das serpes: pois, para adorar tales simulacros, ou ben foron guías dos seus pobos, ou ben seguidores: e renderon culto e serviron á criatura antes que ao Creador, que é bendito por sempre (Rom. 1, 21-23.25.). Nesta, en cambio, non hai sabedoría humana, senón piedade, coa que se venera convenientemente ao Deus verdadeiro, esperando esta recompensa na sociedade dos santos, non só dos homes, senón tamén dos anxos, *para que Deus sexa todo en todas as cousas* (1 Cor 15, 28).

AGOSTIÑO DE HIPONA; *A cidade de Deus*; XIV, 28. Tradución ao galego de Álvaro X. Pérez Vilariño; IES García Barros (A Estrada)

### TEXTO 3

Pois mentres buscaba de onde aprobaba a fermosura dos corpos, ben celestes ou ben terrestres, e con que contaba eu para xulgar con imparcialidade sobre as cousas mutables e para dicir: “Isto debe ser así, aquilo non”, mentres así buscaba de onde xulgaba, cando así xulgaba, atopara eu a inconmutable e verdadeira eternidade da verdade por enriba da miña mente suxeita á mudanza. E así, gradualmente, dende os corpos ata a alma, que sente a través do corpo, e dende aí ata a súa enerxía interior, a quen anuncian os sentidos do corpo todo o exterior, e ata onde poden chegar as bestas, e de aí de novo ata o poder do raciocinio, ao que cómpre xulgar o que se deduce dos sentidos corporais; o que, descubríndose tamén a si mesmo en min como mutable, levantouse ata a súa intelixencia e separou o pensamento do costume, subtraéndose a unhas moreas de fantasmas que se contradicían, para atopar con que luz era inundado, cando sen dúbida ningunha clamaba que o inconmutable debía de preferirse ao mutable, e para atopar de onde coñecía o inconmutable (xa que se non o coñecese de algún modo, de ningunha maneira o antepoñería ao mutable con tal certeza) e nun golpe de vista trepidante chegou ata o que é. Entón en verdade vin as túas cousas invisibles a través daquelas cousas da Creación que podemos entender, pero non fun quen de fixar a mirada e, ferida de novo a miña debilidade, unha vez que volví ao acostumado, non levaba comigo outra cousa que un recordo cheo de amor e como se devecese polo aroma do que aínda non podía comer.

AGOSTIÑO DE HIPONA; *Confesións* L XIII, VII 17. Tradución ao galego de Alvaro X. Pérez Vilariño; IES García Barros (A Estrada)

### TEXTO 4

10.16. E exhortado dende aquí a volver a min mesmo, entrei no máis profundo de min contigo coma guía, e puiden facelo porque *ti fuches convertido no meu axudante* (Ps 29,11). Entrei e vin co ollo da miña alma, como quer que fose este, por enriba do mesmo ollo da alma, por enriba da miña mente, unha luz inconmutable, non esta vulgar e visible a toda carne, nin como se fose do mesmo tipo pero máis grande, como se esa brillase con máis e máis claridade e cubrise todo coa súa intensidade. No era isto aquela luz, senón algo diferente, moi diferente de todo iso. E non estaba sobre a miña mente, así como está o aceite sobre a auga, nin como o ceo sobre a terra, senón máis arriba, pois ela foi a que me fixo, e eu máis abaixo, pois fun feito por ela. Quen coñece a verdade, coñécea, e quen a coñece, coñece a eternidade. A caridade coñécea. Oh, eterna verdade, e verdadeira caridade, e querida eternidade! Ti es o meu Deus (Ps 42, 2.), por ti suspiro día e noite (Ps 1, 2; Ier 9, 1.). E cando te coñecín por vez primeira, ti tomáchesme (Cf. Ps 26, 10.), para que vise que existía o que vería e que aínda non era eu aquel que sería capaz de ver. E fixeches reverberar a debilidade da miña vista ao dirixir os teus raios con forza contra min, e estremecinme de amor e de horror; e atopei que estaba lonxe de ti na rexión da desemeallanza (Cf. Lc 15, 13.), coma se oíse a túa voz dende o alto (Cf. Ier 31, 15.): “Alimento son de grandes: crece e comerasme. E ti non me transformarás en ti como o alimento da túa carne, senón que ti serás transformado en min”. E coñecín isto, *porque educaches ao home perante a maldade e fixeches podreecer a miña alma como tea de araña* (Ps 38, 12.), e dixen: “É que non existe a verdade, xa que non está difundida nin polos espazos finitos ni polos infinitos?”. E clamaches dende lonxe (Cf. Lc 15, 13. 20.): “Ao contrario, eu son o que son (Ex 3, 14.)”. E oíno, como se oe no corazón, e de ningunha maneira era algo do que eu dubidaría, e máis facilmente dubidaría de que vivo que de que non existe a verdade, que se percibe a través das cousas da Creación que podemos entender (Rom 1, 20.).

AGOSTIÑO DE HIPONA; *Confesións* VII, 10, 16 Tradución ao galego de Álvaro X. Pérez Vilariño; IES García Barros (A Estrada)

## TEXTO 5

**Que é a memoria?** Traspasarei, entón, esta forza da miña natureza, subindo pouco a pouco deica aquel que me creou; e entrarei nos extensos campos e nas amplas mansións da memoria, lugar no que existen os tesouros de innumerables imaxes de calquera das cousas traídas polos sentidos. Na memoria agóchase o que pensamos, xa aumentado, mingüado ou deformado todo canto coñecemos a través dos sentidos; e tamén todo canto se deposite nela e se lle encomende mentres o esquecemento non o destrúa ou o enterre. Cando lle pido que me presente o que quero, nalgúns casos algunhas cousas preséntanse de súpeto; noutros, con todo, tardan máis tempo e hai que os desenterrar coma quen as saca de receptáculos cavernosos; noutros, en cambio, sempre se presentan de golpe cando se busca algo distinto e poñéndose de diante semellan dicir: "Acaso non somos nós?". Cordialmente expúlsoas deste primeiro plano dos meus recordos, mentres aclaro o que quero recordar e desde o escondido acode á miña presenza. [...] Outras facilmente e de forma ordenada preséntanse seguindo a orde na que son chamadas e deixan o seu posto a outras que as seguen para se ocultaren ata que de novo queira que volvan adiantarse, cousa que ocorre cando conto algo de memoria [...] Todas esas cousas elabóroas eu dentro da ampla aula da miña memoria. Aquí, o ceo, a terra e mailo mar preséntanse xunto con todo canto deles teño percibido agás as que esquecín. Aquí, na memoria, encóntrome comigo mesmo e co que fixen, cando e onde o fixen; e de que modo, cando obraba, estaba afectado sentimentalmente. Todas as cousas das que teño recordo por telas crido ou experimentado áchanse na memoria".  
AGOSTIÑO DE HIPONA, *Confesiões* L XIII, Cap. VIII, 12-14 Tradución de Ramón López Vázquez, IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)

## TEXTO 6

**O misterio do tempo: Pódese concebir o tempo?** Que é, pois, o tempo? Quen mo pode explicar breve e facilmente? Quen o revelará coa palabra ou o comprenderá co pensamento? Haberá algo máis familiar e máis coñecido nas nosas conversas có tempo? Cando falamos do tempo, certamente, entendemos o que é, e tamén entendemos o que é cando outro nos fala del. Que é, xa que logo, o tempo? Se ninguén mo pregunta, seino; mais se llo quero explicar a quen mo pregunta, xa non o sei; de forma segura tamén digo que sei que se non sucedese antes nada, non habería tempo pasado, se nada acontecese despois non habería futuro; e se nada existise, tampouco existiría o presente. Estes dous tempos, pasado e futuro, como serán se o pasado xa non é e o futuro aínda non é? Con relación ao presente, se sempre fora presente nunca sería pasado, pero así non sería tempo, senón eternidade. Polo tanto, se o presente para ser tempo ha de facerse pasado, ¿como podemos dicir do pasado que existe cando a súa razón de ser é deixar de existir, de xeito que, para falar con verdade de que o tempo existe, ternos que o facer dicindo que tende a non existir?  
AGOSTIÑO DE HIPONA, *Confesiões*, XI, cap. XIV, 17. Tradución de Ramón López Vázquez, IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)